

XV Encontros para a Normalización Lingüística

18 e 19 de abril de 2013

Consello da Cultura Galega

CURRÍCULOS

XAIME SUBIELA PÉREZ

Politólogo pola Universidade de Santiago de Compostela.

Exerceu de investigador social e consultor público ligado á empresa *Cidadania* -da que foi socio-fundador- entre 1998 e 2006 en temas relacionados coa participación cidadá, planificación estratéxica, normalización lingüística, desenvolvemento sustentable e coa cultura. Coordinador xeral dos procesos participativos das cidades do Eixo Atlántico (2003-2005), asesor da Consellaría de Cultura (2008-2009).

No ámbito lingüístico foi director da investigación desenvolvida polo Consello da Cultura Galega que avaliou a política lingüística en Galicia -*O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I. Política lingüística: análise e perspectivas*-; director técnico dos plans de normalización lingüística das cidades de Santiago e Ferrol; participou tamén na elaboración do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004) como presidente da Comisión de sociedade.

Neste campo cabe resaltar o relatorio sobre lingua e democracia no Foro “Sociedades plurilingües” do CCG ou os artigos *Política lingüística en Galicia* en *A normalización lingüística a debate* en Xerais (2002), *As razóns da lingua galega* en Grial nº 179 (2008), *O idioma galego, alarmas e esperanzas* no *Informe Galicia 2010-Tempos Novos*, coordinado por Luís Álvarez Pousa e Xaime Subiela .

Foi decano do Colexio de politólogos/as e sociólogos/as de Galicia e profesor en diversos másters universitarios, tamén é colaborador habitual dos medios Tempos Novos, Praza Pública e Radio Galega.

Na actualidade traballa na oficina municipal de *Ames Novo*.

CARLOS CALLÓN

Carlos Callón (Ribeira, 1978). Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística (a maior asociación cultural de Galiza) e da Fundación Vía Galego, así como portavoz nacional da plataforma unitaria Queremos Galego. Tamén presidiu o Comité de Estado da Axencia Europea de Linguas Minorizadas.

Profesor de Lingua e literatura galegas en secundaria e investigador sobre sociolingüística e literatura, materias sobre as cales é un prolífico conferencista. Foi tamén concelleiro na súa vila natal e membro do Consello Asesor de RTVE-G.

Publicou os ensaios *Unha historia que nos pertence* (2005), *En castellano no hay problema* (2010), *Como defenderes os teus dereitos lingüísticos* (2011, premio Redelibros á mellor obra non literaria en galego dese ano), *Amigos e sodomitas* (2011, premio Vicente Risco de Ciencias Sociais e premio Fervenzas Literarias de ensaio e investigación) e *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez* (2012). Obtivo tamén varios galardóns pola súa obra de creación, entre os cales salienta o premio internacional de teatro breve Lauro Olmo (1996).

PAZ LAMELA VILARIÑO

Mestra Nacional.

Licenciada en Filosofía e Letras (Rama de Pedagogía).

Actividade Profesional:

- 5 anos como Mestra Nacional (4 con licencia de estudos).
- 3 anos como profesora de Preuniversitario nun centro privado de Madrid.
- 2 anos como profesora interina de Filosofía no Instituto de Bacharelato do Calvario en Vigo.
- 5 anos como profesora PNN de Filosofía e Lingua castelá no Instituto de Bacharelato Sánchez Cantón de Pontevedra.
- Titora da UNED no Centro de Pontevedra.
- No ano 1977 aproba as oposicións ao Corpo de Inspectores de Educación que exerce na Inspección de Pontevedra, ata que se xubila. con dous intervalos de tempo por cargos na Xunta de Galicia.
- En 1983 é nomeada directora Xeral do Ensino da Lingua Galega. En 1984 pasa a ser directora Xeral de Política Lingüística.
- En 1990 é nomeada directora Xeral de Cultura.

CARME VIDAL

Licenciada en Filosofía e Ciencias da Educación e Xornalismo. Foi redactora no semanario A Nosa Terra e na actualidade forma parte do equipo de redacción de Sermos Galiza, dixital diario e semanario en papel.

Autora de diferentes publicacións, en especial, encamiñadas a recuperar a memoria das mulleres. Entre elas a biografía "Maruxa Mallo" (Colección Mulleres de ANT) ou os estudos biográficos dos libros memorialísticos "Diarios" de Syra Alonso ou "Cárcere de Ventas" de Mercedes Núñez. Publicou tamén "M^a Luz Morales, a grande dama do xornalismo " en VVAA "Xornalistas con opinión" e xunto con David Barro o libro de entrevistas "Voces de Atlántica" (MARCO-Galaxia). Forma parte da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega.

NICOLÁS IVÁN VAQUEIRO GRADÍN

Nicolás Iván Vaqueiro Gradín naceu no Porriño o 14 de outubro de 1977. É Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración pola facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela na que se licenciou no ano 2000 e onde realizou os cursos de Doutoramento dedicados a "*Procesos Políticos Contemporáneos*", que superou en 2002. Asimesmo, é Master en Dereito Urbanístico e Ambiental pola Facultade de Dereito da Universidade de Vigo no ano 2007.

Profesionalmente, Nicolás Iván Vaqueiro Gradín exerceu postos de responsabilidade dende o ano 2003 ó 2007 como concelleiro no Concello do Porriño e exerceu como consultor profesional dende o 2007 ata a actualidade en dúas consultoras galegas, así como na Fundación Galicia Innova.

Na actualidade, combina a súa actividade como emprendedor dunha empresa propia, Galipad Consulting SL, na que exerce como director, coposto de director de proxectos da Federación Galega de Parques Empresariais (FEGAPE).

Asimesmo, Nicolás Iván Vaqueiro Gradí foi fundador do Seminario de Estudos Porriñés “Alfredo Bautista Alconero” e membro fundador da revista de recuperación histórica *Malladoura*. Colaborou como articulista ocasional con medios como *A Nosa Terra*, *Xornal de Galicia* e actualmente, en *Praza Pública*.

ESTEVE VALLS

Esteve Valls é licenciado en Filoloxía Catalá e investigador da sección de variacionismo da Xarxa CRUSCAT do Institut d’Estudis Catalans. A súa produción científica ata o de agora centrouse nos procesos de desdialectalización que operan nas variedades dialectais da lingua catalá e nos efectos de converxencia e diverxencia entre variedades que provoca a fragmentación do ámbito lingüístico catalán en catro estados e, dentro do Estado español, en cinco comunidades autónomas con políticas lingüísticas distintas ou mesmo diverxentes. Establecido na Galiza dende hai tres anos, actualmente traballa no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e colabora co *Center for Language and Cognition* da Universidade de Groningen (Holanda) para incorporar técnicas de base dialectométrica á análise da direccionalidade, o ritmo e a natureza do cambio lingüístico nas variedades dialectais do catalán. Algúns dos seus traballos deron lugar a capítulos de libro (*Mixed Effects Regression Models in Linguistics*) ou téñense publicado en revistas como *Literary and Linguistics Computing*, *Verba* ou *Treballs de Sociolingüística Catalana*, entre outras. A maioría destes artigos pódense consultar no enderezo <http://ub.academia.edu/estevavalls>.

PATXI BAZTARRIKA GALPARSORO

Viceconselleiro de Política Lingüística do Goberno Vasco desde 2005 a 2009.

Viceconselleiro de Política Lingüística do Goberno Vasco desde 2012 ata a actualidade.

Estudos: Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación (UPV-EHU).

DALILA DOPAZO BLANCO

LICENCIADA en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Data de remate dos estudos: xuño 1998

OPOSICIÓNS libres á Carreira xudicial. Data de aprobación das oposicións: xullo 2002

ACTIVIDADE LABORAL:

- Xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Cangas do Morrazo (Pontevedra)
- Xuíza do Xulgado de Instrución nº 3 de Vigo (Pontevedra)

- Xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Amposta (Tarragona)
- Xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Caldas de Reis (Pontevedra).
- Maxistrada no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 3 de Santa Coloma de Gramenet (Barcelona).
- Actualmente, maxistrada no Xulgado do Social nº 3 de Lugo.

ACTIVIDADES E ESTUDOS XURÍDICOS

- Título de especialista en Dereito Civil de Galicia pola Universidade de Santiago de Compostela (ano 2008).
- Curso de formación do programa de Doutoramento “Contratación: marco xurídico actual” impartido na Universidade de Santiago de Compostela (ano 2006-2007).

RELATORIOS E ARTIGOS

- “A natureza xurídica da pensión compensatoria. Diferenciación coa pensión de alimentos” (artigo, REXURGA nº 47)
- “O concepto de desamparo” (artigo, REXURGA nº 49)
- “Accións hereditarias en defensa da lexítima e ineficacia da partición” (artigo, REXURGA nº 50).
- “A mellora tácita. Dereito común e dereito foral galego” (artigo, REXURGA nº 52).
- “A remoción do titor” (artigo, REXURGA nº 53)
- “As accións de impugnación da filiación. O problema da caducidade” (artigo, REXURGA nº 54).
- “A acción de responsabilidade civil como instrumento de defensa fronte ás inmisións” (artigo, REXURGA nº 55).
- “A data da disolución da sociedade de gananciais ós efectos da formación do inventario” (artigo, REXURGA nº 56).
- “Apuntamentos sobre a posibilidade de acumulación dos procedementos de liquidación da sociedade de gananciais e de división da herdanza” (artigo, REXURGA nº 57).
- “Análise da Lei Orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes” (artigo Revista Andaina nº 47).
- “Aspectos procesuais e penais da LO 1/04 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero” (relatorio, conferencia organizada pola Revista Andaina, decembro 2007).
- “A garda e custodia compartida” (relatorio, conferencia organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade, xullo 2008).
- “Apuntamentos sobre a custodia compartida en Catalunya. A Lei 25/2010, de 29 de xullo, do Libro II do Codi Civil de Catalunya, relativo ás persoas e á familia” (relatorio, conferencia organizada pola Asociación Galega de pais e nais separados e colaboración coa Vicepresidencia 3ª da Diputación de Lugo, outubro 2010).
- “A quebra da progresividade no proceso de normalización lingüística no Decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia”, en VILLARES NAVEIRA, L (coord.): *Estudos xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo* (Ed Laiovento, 2010).

XOSÉ LUÍS JANEIRO ESPÍNEIRA

Xosé Luís Janeiro Espiñeira (Bugarin -Cerdedo- Pontevedra, 1962) é catedrático de Lingua galega e literatura de ensino medio no IES Sánchez Cantón de Pontevedra e profesor asociado da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Licenciouse en Filoloxía hispánica e en Filoloxía galego-portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela e licenciouse en Dereito pola Universidad de Educación a Distancia. Como xurilingüista, tense achegado ao binomio lingua e dereito, tanto desde o punto de vista xurídico como lingüístico. Arredor desta temática ten pronunciado diversas conferencias e ten publicado varios traballos críticos e recensións. Entre outros, pódense mencionar títulos como “*A lingua das Administracións públicas*”, “*A reforma da LOPX e o seu virtual significado lingüístico: o artigo 231.4*”, “*Cooficialidade lingüística e tradución xurídica, dúas notables ausencias no ensino universitario do dereito*” ou “*A fe notarial nunha linguaxe xurídica propia*”.

MARILÓ CANDEDO GUNTURIZ

Pedagoga e profesora de Pedagogía Social na Facultade de Ciencias da Educación na Universidade da Coruña. As súas áreas de traballo e interese son: valores e educación; participación, cultura e educación, e educación e linguas desde a perspectiva da normalización lingüística; temáticas sobre os que ten distintas publicacións. Ocupou diversas responsabilidades de xestión no ámbito universitario, sendo decana da Facultade de CC. da Educación; e, actualmente adxunta para Titulacións na vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías. É a actual presidenta de Nova Escola Galega.

Nova Escola Galega é un Movemento de Renovación Pedagóxica que inicia o seu traballo no ano 1983, polo que este ano cumpre 30 anos de actividade continuada. Os eixes que vertebran as súas accións teñen que ver coa defensa dun modelo de ensino público, galego, laico e de calidade. Desenvolve desde o seu nacemento diferentes iniciativas nos ámbitos da formación permanente do profesorado, publicacións, posicionamentos públicos e actividades de difusión e traballo en rede. Na súa traxectoria, Nova Escola Galega foi distinguida no ano 1987 co *Premio da Crítica-Galicia ás Iniciativas Culturais*, e co *Pedrón de Ouro*, neste mesmo ano 2012. Desde o ano 2008 ten a consideración de utilidade pública, consonte coa proxección do seu labor no ámbito da educación.

BIEITO SILVA VALDIVIA

Formación académica: Licenciado en Filosofía e Letras, Sección Filoloxía Románica; Licenciado en Filoloxía Hispánica, Sección Galego-Portugués; Doutor en Filosofía e Letras.

Situación profesional: Catedrático de Lingua e Literatura en Ensino Secundario (en excedencia), Profesor Titular no Departamento de Didáctica da Lingua e a Literatura e das Ciencias Sociais da Facultade de Ciencias da Educación (USC); Coordinador do Máster en Profesorado de E. Secundaria.

Publicacións relacionadas coa actividade na que participa:

- B. Silva Valdivia (ed.). (1994): *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*, Universidade de Santiago de Compostela.
- B. Silva Valdivia (ed.) (2001): *A lingua e a literatura: algúns aspectos didácticos*, Universidade de Santiago de Compostela.

- B. Silva Valdivia (2003): "Lingua e escola en Galicia. A cuestión lingüística nunha Facultade de Ciencias da Educación", *Adaxe* vol. 18, pp. 69-89, Universidade de Santiago de Compostela.
- B. Silva Valdivia y Modesto Rodríguez Neira (2004): "Bilingüismo e Educación", pp. 149-181. En M. A. Santos (dir.), *A Investigación Educativa en Galicia (1989-2001)*, Xunta de Galicia.
- B. Silva Valdivia (2005): "A lingua galega no sistema educativo de Galicia", pp. 353-362. En X. P. Rodríguez-Yáñez (et al.) (eds.) *Bilingualism and Education*. Muenchen, Lincom Europa.
- B. Silva Valdivia (2007): "A lingua galega nas etapas de Educación Infantil e Primaria", pp. 41-53. En I. Méndez e A. Sánchez (eds.) *Lingua e Usos. Lingua e Idade*. Universidade da Coruña.
- B. Silva Valdivia (2008): "Gallego, castellano y lenguas extranjeras en el sistema escolar de Galicia", *Textos de Didáctica de la Lengua y la Literatura* vol. 47, pp. 59-69, Barcelona, Graó.
- B. Silva Valdivia (2008): "Lingua e escola en Galicia. Balance e propostas de futuro", *Grial* nº 179, pp. 42-53, Vigo, Galaxia.
- B. Silva Valdivia (2008): "Plurilingüismo a partir do galego", *EDUGA-Revista Galega do Ensino*, nº 53, pp. 21-26, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- B. Silva Valdivia (2009): "A lingua galega na Educación Secundaria Obrigatoria. Reflexións sobre a súa presenza escolar e sobre o seu ensino", pp. 60-73. En *Nova Escola Galega e a Lingua 1983-2008. 25 anos na defensa do idioma*. Nova Escola Galega e Edicións Xerais.
- B. Silva Valdivia (ed.) 2010: *Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán* (pp. 216+28), Xunta de Galicia e Universidade de Santiago de Compostela.
- B. Silva Valdivia (2010): "As linguas no sistema escolar de Galicia", pp. 39-63. En B. Silva et al. (eds.) *Educación e Linguas en Galicia*, Universidade de Santiago de Compostela.
- B. Silva Valdivia (2011): "Galicia: O futuro da lingua galega entre modelos bilingües e plurilingües", pp. 67-81. En C. Flores (edit.) *Múltiplos olhares sobre o bilingüismo*, 242 pp. Braga, Húmus e Univ. do Minho.
- B. Silva Valdivia (2011): "A normalización lingüística e a aprendizaxe plurilingüe como metas escolares", pp. 13-29. En B. Silva et al. (eds.) *A planificación para a normalización lingüística nos centros de ensino non universitarios*, 159 pp., Universidade de Santiago de Compostela.

BERNADETTE (BERNIE) O'ROURKE

Profesora no departamento de Language and Intercultural Studies de la Universidad de Heriot-Watt en Edinburgo. Especialista en sociolingüística, ocúpase do multilingüismo e da diversidade lingüística, e ten publicada numerosos artigos e traballos sobre o tema en revistas internacionais e nacionais. Dirixiu varios proxectos de investigación sobre a revitalización lingüística das linguas minoritarias, sobre todo en Irlanda, Galicia e agora, en Escocia. No seu último proxecto "New speakers of minority languages in the process of language revitalization" (con fondos do Arts and Humanities Research Council do Reino Unido) investigou o papel dos neofalantes no futuro do irlandés e do galego. Colabora no proxecto NEOPHON coa Universitat Oberta de Catalunya e a Universidade de Vigo, entre outras, e con elas, dirixe unha rede

europaea sobre os neofalantes. É autora do libro *Irish and Galician in the European Context: Attitudes to Weak and Strong Minority Languages* (Palgrave 2011).

MARÍA REIMÓNDEZ

Fundadora e vicepresidenta de Implicadas no Desenvolvemento (www.implicadas.com)

Implicadas no Desenvolvemento é unha organización de cooperación ao desenvolvemento que leva 15 anos mobilizando á cidadanía dende un enfoque crítico e feminista para transformar a pobreza dende as súas raíces, que están sobre todo no Norte e no imaxinario. A comunicación resulta un pilar fundamental deste traballo dado que é a ferramenta que permite transmitir a nosa visión e misión e activar a cidadanía a participar e transformarse. Esta presentación centrarase na filosofía comunicativa de Implicadas e no desenvolvemento práctico dela, cunha explicación detallada da posta en marcha de campañas como 1 de 200 (www.200implicadas.com) ou Cambia de papel (www.cambiadepapel.com). A presentación fará fincapé na comunicación como proceso de diálogo participativo fronte ao concepto “publicitario” e nas aprendizaxes das estratexias comunicativas das feministas do Sur.

María Reimondez é escritora e tradutora e intérprete de profesión e feminista de vocación. En 1998 funda *Implicadas no Desenvolvemento*, organización da que na actualidade é vicepresidenta. Leva traballando desde 1994 no terreo. Comezou o seu labor en Karnataka e máis tarde en Andhra Pradesh e Tamil Nadu, na India, para continuar en North Wollo e Addis Ababa en Etiopía. Participou en numerosas formacións e conferencias como docente ou oradora, entre elas *Mundos de Mujeres* (Madrid 2008) ou *Transnational Feminisms* (Frankfurt 2010), Bharathidasan University en Tiruchy, India.

Desde o inicio do seu traballo de campo, Reimóndez traballou coa metodoloxía dos grupos de axuda mutua (Self-Help-Groups SHG). Grazas ao seu traballo desde o feminismo foi capaz de desenvolver un enfoque crítico de xénero para a metodoloxía. Recibiu formación por parte de ONGs locais, sobre todo en Tamil Nadu e colaborou con feministas támiles como a Dra. N. Manimekalai, Salma ou Kutty Revathi. En 2008, comezou a traballar para a ONG alemá Kinder-Not-Hilfe como docente nun seminario sobre o enfoque SHG en Duisburg para o Departamento de Latinoamérica, como avaliadora dos proxectos de KNH en Ruanda e na actualidade é a consultora para o proceso de aplicación da metodoloxía dos grupos en Haití.

HENRIQUE MANUEL SANFIZ RAPOSO

Henrique Manuel Sanfiz Raposo (A Coruña, 1962) dirixe na actualidade Radio Fene, a emisora municipal do Concello de Fene. Tamén coordina Radiofusión, a programación conxunta que se realiza dende Fene para as Emisoras Municipais Galegas. Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela (1985).

Sanfiz é dende 1985 director de Radio Fene, a emisora municipal decana de Galicia. Participou na fundación da asociación Emisoras Municipais Galegas e ocupa dende 1989 a secretaría desta entidade. Presentou ponencias en numerosos encontros e xornadas sobre a comunicación local. Entre outras acudiu a Barcelona e Zaragoza (1988) Pontevedra (1989) Paris (1991) Santiago, Silleda (1992) Ourense (1993) Cedeira (1995) Jerez de la Frontera (1997) Vigo

(1998) Redondela (1999) Barcelona (2000) Redondela (2002) Santiago (2003) Barcelona e Santiago (2006) Barcelona (2011) Cidade da Cultura de Galicia (2012).

Obras publicadas:

Pública e local. Radio municipal en Galicia. Edicións Lea. 1993.

Maniños no pasado. Concello de Fene. 1995.

As orixes de Astano. Concello de Fene. 1996.

Barallobre no pasado. Concello de Fene. 1996.

O Seixo no pasado. Seminario de Estudos de Ferrolterra. 1998.

Pancho Allegue. Historia dun compromiso. Concello de Fene. 2005.

Numerosos artigos e colaboracións con revistas e publicacións de historia e comunicación local. Como exemplo cítanse:

“Radio e mocidade. Experiencias alternativas”. En ¿Como comunicar cos xoves do ano 2000?. Santiago. 1997

“Apuntes verbo da federación agrícola Ferrol-Pontedeume. O agrarismo na comarca”. No número VI da revista eumesa de estudos “Cátedra”. 1999.

“La asociación de emisoras municipales gallegas” en

“Radiotelevisión pública local y alternativa. Perspectiva”. Sevilla. 1998.

“Els mitjans locals davant les noves tecnologies” en

Les radios municipals en el llindar del 2000. Barcelona. 2000.

XUSTO A. RODRÍGUEZ RÍO

É técnico do Servizo de Normalización Lingüística na Universidade de Santiago de Compostela desde o ano 2001.

Coordina e desenvolve as actividades da Área de Terminoloxía desta entidade. Entre elas poderíamos indicar:

- deseño, alimentación e mantemento de [bUSCatermos](#)
- coordinación e coelaboración dos [glosarios e vocabularios](#) editados polo SNL
- mantemento e actualización [d'Un idioma preciso](#)

ALEJANDRO LAMAS

Alejandro Lamas (Corcubión, 1976) é Licenciado en Química, pola Universidade de Santiago de Compostela. En 2005 ocupa cargo de director de Sixtema, empresa TIC centrada en solucións GIS e de mobilidade, participando así mesmo, como investigador principal en diversos proxectos de I+D+i de ámbito nacional e internacional.

Actualmente compatibiliza a súa actividade en Sixtema co cargo de coordinador de proxectos no selo Taptil, especializada no deseño e desenvolvemento de aplicacións para dispositivos móbiles.

REBECA CARBALLO COELLO

Licenciada en Filoloxía Galega na USC (2004).

Lingüista e deseñadora de contidos na sección de informática e teleformación da Aula de Produtos Lácteos da USC desde 2005. Profesora, vogal e coordinadora dos cursos de lingua na asociación Galicia Acolle desde 2003.

En 2012 pasou a formar parte da directiva da CTNL como vogal e foi a encargada de coordinar o Viveiro de propostas normalizadoras.